

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POR PERSOAL LABORAL FIXO,
DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR DE XARDINERÍA CORRESPONDENTE Á
OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2019**

**RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS E
RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO**

As alegacións que foron obxecto de estudo foron presentadas polas persoas aspirantes durante o prazo outorgado ao efecto. Revisadas estas, o Tribunal acorda:

- **ALEGACIÓN** presentada por D. Nicanor E. Arufe García (R.E. REGAGE 22e00023503343 do 09/06/22), na que solicita a revisión da súa valoración dos méritos formativos, xa que considera que debe ter 6 puntos, téndolle asignado o Tribunal 4,05 puntos nese apartado.

De acordo co disposto na Base 9 - Apartado B.2 das que rexen a presente convocatoria ***“2. Formación específica/complementaria relacionada A puntuación máxima deste epígrafe é de 12 puntos. Serán obxecto de valoración as accións formativas, incluíndo nas mesmas os cursos de formación, perfeccionamento e especialización, e excluindo as titulacións requiridas para participar no proceso selectivo, directamente relacionadas coas funcións e perfil profesional propios da praza obxecto de cobertura, e impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologados por administracións públicas ou entidades ou organismos dependentes destas”.***

Realizada revisión, e ao teor do mencionado na Base 9, o Tribunal acorda desestimar esta alegación, e reafirmase na puntuación anteriormente outorgada, de 4,05 puntos.

- **ALEGACIÓN** presentada por D. José Benito Casais Otero (R.E. 202299900001491 do 14/06/22), na que solicita a revisión da súa valoración dos méritos formativos, polos que considera que debería outorgárselle unha puntuación

de 7,85 puntos, en vez dos 5,05 puntos que se lle outorgaron e que, en concreto, na titulación de Enxeñería Técnica Forestal, Especialidade en Explotacións Forestais”, da que presenta certificado de expediente académico, con varias asignaturas aprobadas, se lle deberían outorgar 2,75 puntos.

Revisados os méritos formativos, o Tribunal reafírmase na valoración feita, dado que moita da documentación presentada polo aspirante, se ben concorda e está relacionada co posto de traballo, non presenta a homologación esixida na Base 9 - Apartado B.2 das que rexen a presente convocatoria, transcrita na anterior alegación,

En canto á Enxeñería Técnica Forestal, o Tribunal considera que as asignaturas aprobadas forman parte dun todo, que é a Enxeñería Técnica como tal, da que, de acordo nas Bases, se lle valoran 470 horas e, polo tanto, de acordo coas mesmas, se lle outorgan 2 puntos.

Así, o Tribunal acorda desestimar esta alegación, e reafírmase na puntuación anteriormente outorgada, de 5,05 puntos.

- **ALEGACIÓN** presentada por D. José Manuel Tuñas Negreira (R.E. núm. 3362 do 20/06/22), na que solicita que se revise, no apartado de méritos formativos, a puntuación do curso de Traballador Forestal, de 340 horas, que considera que non se lle valorou correctamente, ao corresponderlle 2 puntos, e térselle outorgado 1,5 puntos polo mesmo.

O Tribunal considera que, dentro de dito curso, o módulo de “Extinción de incendios” non debe valorarse como tarefa propia de auxiliar de xardinería, existindo, ademais, no Concello de Teo, un servizo propio para estas labores, polo que se restaron as 60 horas de dito módulo, valorándose 280 horas da acción formativa, correspondéndolle, pois, segundo as Bases, unha puntuación de 1,5 puntos polo mesmo.

Polo tanto, o Tribunal acorda desestimar esta alegación, e reafírmase na puntuación outorgada.

- **ALEGACIÓN** presentada por D. José Manuel Tuñas Negreira (R.E. núm. 3363 do 20/06/22), na que solicita que se revise, no apartado de méritos por experiencia

profesional, a puntuación outorgada polo traballo realizado na administración local-Concello de Ames, considerando que foron 71 meses,

Revisada a experiencia profesional, o Tribunal acorda estimar a alegación presentada, considerando que son 71 meses de traballo acreditados na administración local Concello de Ames, correspondéndolle polo tanto, na fase de méritos por experiencia profesional, un total de 0,10 puntos máis, isto é, 9,275 puntos, en vez dos 9,175 puntos que lle foran outorgados, quedando, pois cunha puntuación total na fase de méritos de 17,925 puntos, en vez dos 17,825 puntos que lle foran asignados.

Así, unha vez resoltas as alegacións, a puntuación final das persoas aspirantes que superaron o proceso, é a que segue:

APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN EXPERIENCIA	CUALIFICACIÓN FORMACIÓN	TOTAL FASE CONCURSO
ARUFE GARCIA, NICANOR ENRIQUE	18	4,05	22,05
CASAI S OTERO, JOSÉ BENITO	5,775	5,05	10,825
CEBREIRO GARCÍA, MIGUEL ÁNGEL	0,5	2,5	3,00
GÓMEZ BUELA, VANESSA	4	0,75	4,75
OGEROS GIL, DIANA	4	0,50	4,50
TRIGO AMADO, MIGUEL ÁNGEL	3,40	6,00	9,40
TUÑAS NEGREIRA, JOSÉ MANUEL	9,275	8,65	17,925
VÁZQUEZ FILGUEIRA, JOSÉ MANUEL	0	2,00	2,00

Así, unha vez sumadas as fases de oposición e concurso das persoas que superaron o proceso, o resultado é o que segue:

APELIDOS E NOME	FASE OPOSICIÓN 1º EXAME	FASE OPOSICIÓN 2º EXAME	BAREMACIÓN CONCURSO	TOTAL
Tuñas Negreira, José Manuel	32,50	22,75	17,925	73,175
Casais Otero, José Benito	36,00	23,50	10,825	72,125
Arufe García, Nicanor Enrique	30,40	18,75	22,05	71,20
Gómez Buela, Vanessa	36,40	22,00	4,75	63,15
Ogeros Gil, Diana	25,60	24,75	4,50	54,85
Cebreiro García, Miguel Ángel	32,30	17,75	3,00	53,05
Trigo Amado, Miguel Ángel	24,40	24,75	9,40	58,55
Vázquez Filgueira, José Manuel	16,00	21,50	2,00	48,10

Á vista do resultado, o Tribunal realiza proposta de contratación a favor do aspirante que acadou a maior puntuación no proceso, D. José Manuel Tuñas Negreira, DNI ***5410**.

Así mesmo, e, de acordo coa Base 10 das que rexeron o proceso, establécese unha bolsa de emprego, coas persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, pero que tiveran superado o proceso selectivo, sendo propostas polo tribunal, por orde descendente de puntuación, para a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada e cuxo funcionamento se rexerá polas normas e criterios sinalados na base décima primeira das que rexeron a convocatoria.

Así, a bolsa de emprego queda conformada polas seguintes persoas aspirantes, e na orde que se indica:

- 1.- Casais Otero, José Benito - DNI ***8877**
- 2.- Arufe García, Nicanor Enrique – DNI ***9955**
- 3.- Gómez Buela, Vanessa – DNI ***3718**
- 4.- Ogeros Gil, Diana – DNI ***2940**
- 5.- Cebreiro García, Miguel Ángel – DNI ***5829**
- 6.- Trigo Amado, Miguel Ángel – DNI ***3674**
- 7.- Vázquez Filgueira, José Manuel – DNI ***5825**

A secretaria do Tribunal,

M^a Elena Méndez Buela